

XEIRAS:

Primeira xeira

O sacho da xornaleira,
poeirenta labra a poula
roendo unha codia seca
denantes da hora nona.

Segunda xeira

O pan da panadeira
leva auga na bola
na chaira o bandullo:
fermento de mazaroca.

Terza xeira

Leiteira que tira do teto,
queixo fai, moi disposta,
ca calor e o frío estruma:
estoica soporta moscas.

Cuarta xeira

O pano da man d'viúva
fiado na súa casopa
na Habana perdeuse
sen un peso para a roca.

Quinta xeira

Marchou ó estraperlo
ferida coma unha corza
violada no limiar da raia
para alimentar bocas.

Sexta xeira

As neves nos ombreiros
agocha corpos da revolta
afronta o medo ós tricornes
bruxa, meiga e algo xorda.

Sétima

Sucos de lavandeira
auga salgada de bágoas
lava remendos, non roupa
e das penas negras chora.

Domingo a probe non tiña;
porén tocan as campás
lembrando os tempos mozos
e algún que outro serán.

EPÍLOGO

Ben seguro que loitaron
estas avoas nosas
arriscaron pola vida,
xenerosas co pan e a ola
e non podon resistir
clamar para elas todas:

Vivan as nosas avoas!